



CONCELLO DE
OLEIROS

**ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR
O DIA VINTE E OITO (28) DE XULLO DE 2022**

No salón de sesións, sito no andar primeiro de Casa Charry, ás 20:00 h. do día 28 de xullo de 2022, ten lugar sesión ordinaria do Concello Pleno, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o alcalde, D. **Ángel García Seoane**, asistindo os membros da Corporación seguintes:

GRUPO MUNICIPAL “ALTERNATIVA DOS VECIÑOS” (A.V.)

- D^a M^a José Varela Neira.
- D^a M^a Esther Isabel Garrido Pan.
- D^a Margarita Figueroa Vázquez.
- D. Antonio Molinos Marcote.
- D^a M^a Teresa Vázquez Maseda.
- D^a Rosa M^a Méndez Gómez.
- D. Pablo Cibeira Taboada.
- D^a M^a José Santos Zas.
- D^a Sandra Fernández Fernández
- D^a Marta M^a Martínez Martínez.
- D^a Aurora Belén Taboada Casal.

GRUPO MUNICIPAL “POPULAR” (P.P.)

- D. Jorge Platas Casal.
- D^a M^a Dolores Silva Núñez.
- D. Antonio Javier Corredoira Alfonso.

GRUPO MUNICIPAL “SOCIALISTA” (PSdeG-PSOE)

- D. Jorge Pérez Méndez.
- D^a Anna Margarita Candal Malvís.

GRUPO MUNICIPAL MIXTO-CIUDADANOS

- D. Manuel Jesús José Moinelo Allegue.

Non asisten:

- D. Jaime Rumbo Mosquera, concelleiro do grupo municipal “Alternativa dos Veciños”, que é disculpado pola concelleira D^a Margarita Figueroa do mesmo grupo.
- D. José Ángel Bonome González, voceiro do grupo municipal “Popular”, que é disculpado pola concelleira D^a M^a Dolores Silva do mesmo grupo.
- D. Xurxo Martínez Caño, voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, quen disculpou a súa ausencia por motivos laborais.



CONCELLO DE
OLEIROS

Da fe dos acordos tomados, D^a M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello. Faíse constar que está tamén presente o interventor municipal, D. Vicente José Calvo del Castillo.

Logo de comprobar que concorre o quórum de asistencia que esixe o art. 46.2.c) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para que teña lugar validamente a sesión, o sr. alcalde a declara aberta.

De seguido, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día contida na convocatoria realizada a través do Decreto da Alcaldía nº 2022003605, de 22 de xullo, que son os seguintes:

- 1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria que tivo lugar o día 30 de xuño de 2022.
- 2º.- Aprobación, se procede, da modificación da Relación de Postos de Traballo-RPT (Area Económica).
- 3º.- Aprobación provisional, se procede, da modificación dos Regulamentos de Axudas Sociais, Asistenciais e Profesionais do Persoal Funcionario e Laboral do Concello de Oleiros.
- 4º.- Adopción de acordo en orde á solicitude de participación no POS+ Adicional 2/2022 B da Deputación Provincial da Coruña, con destino a gasto corrente.
- 5º.- Aprobación inicial, se procede, da modificación de crédito 2022/MODOR/000035, de Transferencia de Créditos, para gastos derivados do contrato de subministración de enerxía eléctrica.
- 6º.- Aprobación inicial, se procede, da modificación de crédito 2022/MODOR/000036, de concesión de Suplemento de Créditos para o financiamento de gastos correntes.
- 7º.- Aprobación, se procede, da inadmisión da solicitude de revisión de oficio solicitada no expediente 2020/RECADC/000679.
- 8º.- Dar conta da liquidación do orzamento municipal correspondente ó exercicio 2021.
- 9º.- Dar conta dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2022003149 ata o nº 2022003587 (incluídos).
- 10º.- Mocións, rogos e preguntas.

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria que tivo lugar o día 30 de xuño de 2022

Consonte ó art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o alcalde pregunta se algún dos asistentes á sesión ten que formular algunha observación ou reparo ás actas que se achegaron para aprobar coa convocatoria desta sesión.

Non formulándose nin observacións nin reparos, da orde do alcalde pásase de seguido á votación amosándose o resultado da unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, é dicir, **dezaoito (18) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; tres (03) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, polo que o Concello Pleno aproba a acta da *sesión plenaria ordinaria de 30 de xuño de 2022*.

Punto 2.- Aprobación, se procede, da modificación da Relación de Postos de Traballo-RPT (Area Económica)

Expón o asunto a concelleira delegada de persoal do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **Margarita Figueroa**, explicando a proposta e sinalando que a RPT municipal aprobouna o pleno deste concello en decembro do 2019, encargándose agora á empresa adxudicataria deses traballos EOSA unha elaboración dun plan de mellora organizativa da Area Económica municipal a teor da petición dos responsables da mesma, conlevando unha modificación do documento da RPT e unha nova valoración económica dos postos de traballo afectados.



CONCELLO DE
OLEIROS

O pasado 12 de xullo presentouse esta proposta ás organizacións sindicais con representación na mesa xeral de negociación conxunta para persoal laboral e funcionario sen que houbo ningún tipo de discrepancia coa proposta. Por conseguinte e á vista do exposto, propónse a adopción dos acordos contidos na sinalada proposta e dos que procede a dar lectura.

Intervén a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando que a proposta propón a unificación das dúas intervencións existentes neste concello e considerando que esta medida pode acortar procesos e evitar duplicidade e incluso posibles contradicións, votarán favorablemente.

Intervén o voceiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, anunciando a abstención do seu grupo tendo en conta que non ven ningún tipo de xustificación nin acreditado no expediente a fin desta proposta e tampouco entenden a contratación dunha consultora externa contando un departamento de persoal que podería ter feito este traballo de reorganización do persoal do departamento en cuestión.

A verdade é que non entenden a mellora no rendemento do área coas modificacións propostas, nin consideran que estea reflexado no expediente administrativo e de aí a abstención do seu grupo.

Intervén o voceiro do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, salientando que entende que todo o que sexa simplificar os procesos burocráticos municipais é positivo, polo que votará a favor.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que a pretensión do goberno municipal é mellorar e axilizar a xestión na Facenda pública e parece que con esta modificación se mellorará a atención ó cidadán, na axilidade dos pagos e en xeral, do funcionamento do departamento e que implicará tamén unha mellora na axilidade para as demais áreas municipais.

Intervén a concelleira delegada de Facenda e 1^a tte. de alcalde, D^a **M^a José Varela**, manifestando que lle gustaría aclararlle á concelleira do grupo “Popular” e intervirte neste asunto, que no concello de Oleiros non existen dúas intervencións, hai unha soa e un Técnico encargado de coordinar toda a área na súa totalidade.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 22 de xullo de 2022, acadándose o resultado de **dezaséis (16) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; tres (03) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos) e **dúa (02) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“A relación de postos de traballo (en diante, RPT) do Concello de Oleiros aprobouse definitivamente no Pleno do Concello o 29 de novembro de 2019 publicándose no Boletín Oficial da provincia (en diante, BOP) da Coruña núm. 238, de 14 de decembro de 2019.

Mediante decreto da Alcaldía número 2020001213 de 22/03/2022 se adxudica á empresa ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A., o contrato menor de Servizos para a “Elaboración do plan de Mellora organizativa da área económica, e modificación, no seu caso, da relación de postos de traballo do Concello de Oleiros”, empresa



CONCELLO DE
OLEIROS

que foi a que redactou a RPT actual do Concello, segundo decreto da Alcaldía número 3.022/2016 de 02/08/2016.

A antecitada empresa elabora, segundo o obxecto do contrato, un plan de mellora organizativa da área económica a petición das persoas responsables desta, efectuando unha proposta de modificación da RPT en vigor, revisando as valoracións dos postos afectados e actualizando as fichas correspondentes. Posteriormente propónse pola primeira tenente de alcalde delegada de Economía e Facenda e a concelleira delegada de Economía e Facenda a aprobación do dito proxecto coa consecvente modificación da RPT.

O día 12/07/2022 preséntase a dita proposta ás centrais sindicais con representación na Mesa xeral de negociación conxunta para persoal laboral e funcionario do Concello de Oleiros previa convocatoria desta, sen discrepancias.

Por conseguinte, e á vista do anteriormente exposto, proponse aop Pleno do Concello que se proceda á toma do seguinte acordo, de conformidade co artigo 22.2.i) da Lei de bases do réxime local, por maioría simple:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da RPT do Concello de Oleiros, de conformidade co texto que se integra no expediente administrativo que inclúe as fichas e novas valoracións dos postos de traballo da área económica, nos seus propios termos.

Segundo.- Ordear a exposición ao público da referida modificación da RPT, durante o prazo de vinte días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no BOP da Coruña, durante os cales as persoas interesadas poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno. A relación considerárase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións; no caso contrario, o Pleno deberá resolvelas.

Terceiro.- Unha vez aprobada definitivamente, a modificación da RPT publicarase íntegramente no BOP da Coruña e remitirase unha copia da mesma á Administración xeral do Estado e ao órgano competente da Comunidade autónoma.”

Punto 3.- Aprobación provisional, se procede, da modificación dos Regulamentos de Axudas Sociais, Asistenciais e Profesionais do Persoal Funcionario e Laboral do Concello de Oleiros

Expón o asunto a concelleira delegada de persoal do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **Margarita Figueroa**, explicando a proposta e sinalando que o pleno deste concello en xaneiro de 2020 aprobou inicialmente a modificación do “Regulamento de Axudas Sociais, Asistenciais e Profesionais para o Persoal Funcionario e Laboral do Concello de Oleiros”, ó non se presentar ningún tipo de alegación aprobouse definitivamente para publicarse no BOP de 12 de marzo do mesmo ano. un dos puntos desa modificación recollía literalmente:

.../...Serán beneficiarios -en todo caso- para os anos que abrangue o acordo todo o persoal laboral e funcionario que contén cun ano de antigüidade de maneira ininterrompida e estea de alta no momento da solicitude e da percepción das axudas sociais, inescusablemente.../...

A vontade da comisión negociadora era non era excluír en ningún caso ao persoal municipal que tivera como causa da baixa no intre do percibo das axudas a súa xubilación. Por iso, os representantes do goberno municipal, comité de empresa; agrupación de electores Oleiros Sindical -representación maioritaria da Xunta de persoal- ; sindicatos CCOO e UXT, en sede de Mesa xeral de negociación conxunta para persoal laboral e funcionario que tivo lugar o día 23 de xuño de 2022, acordaron por unanimidade a modificación deste texto con carácter retroactivo ás axudas do ano 2020, concedidas no 2021, de aí a proposta que se presenta para a súa aprobación.

Votación



CONCELLO DE
OLEIROS

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de 'asuntos de competencia plenaria' que tivo lugar o pasado 22 de xullo de 2022, acadándose o resultado de **quince (15) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños"; dous (02) do grupo municipal "Socialista" e un (01) do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos) e **tres (03) abstencións** (tres (03) do grupo municipal "Popular").

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

"O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria que tivo lugar o 30 de xaneiro de 2020, aprobou inicialmente a modificación dos regulamentos de axudas sociais, asistenciais e profesionais para o persoal funcionario e laboral do Concello, respectivamente.

Despois de publicarse o anuncio do dito acordo no BOP da Coruña nº 25, do 6 de febreiro de 2020 e rematar o prazo de exposición sen terse presentado ningunha reclamación ou suxestión, a dita modificación foi aprobada definitivamente e publicado o seu texto íntegro no BOP da Coruña nº 49, do 12 de marzo de 2020.

Un dos aspectos desta modificación recollía de xeito literal o seguinte:

.../...Serán beneficiarios -en todo caso- para os anos que abrangue o acordo todo o persoal laboral e funcionario que contén cun ano de antigüidade de maneira ininterrompida e estea de alta no momento da solicitude e da percepción das axudas sociais, inescusablemente.../...

A vontade expresada pola comisión negociadora aclaraba que o espírito da negociación non era excluír ao persoal municipal que tivera como causa da baixa no momento do percibo das axudas a súa xubilación. Por iso, os representantes do Goberno municipal, Comité de empresa; agrupación de electores Oleiros sindical -representación maioritaria da Xunta de persoal-; sindicatos CCOO e UGT, en sede de Mesa xeral de negociación conxunta para persoal laboral e funcionario -celebrada o 23 de xuño de 2022- acordaron por unanimidade a modificación deste texto con carácter retroactivo ás axudas devengadas no ano 2020 e concedidas no ano 2021.

Así, por unanimidade, chegouse a vertebrar este acordo para o persoal laboral e funcionario.

Este acordo radica no seguinte punto:

1.- Modificar o Regulamento de axudas sociais, asistenciais e profesionais para o persoal laboral do Concello de Oleiros (Boletín oficial da provincia -BOP- da Coruña, núm. 156, do 17 de agosto de 2011) e o Regulamento de axudas sociais, asistenciais e profesionais para o persoal funcionario do Concello de Oleiros (BOP da Coruña núm. 289, do 17 de decembro de 2008), de xeito que no texto da DISPOSICIÓN TRANSITORIA-ÚNICA BIS onde poña:

.../...Serán beneficiarios – en todo caso- para os anos que abrangue o acordo todo o persoal laboral e funcionario que contén cun ano de antigüidade de maneira ininterrompida e estea de alta no momento da solicitude e da percepción das axudas sociais, inescusablemente.../...

Deberá poñer:

.../...Serán beneficiarios -en todo caso- para os anos que abrangue o acordo, todo persoal laboral e funcionario que contén con un ano de antigüidade de maneira ininterrompida e estea de alta no momento da solicitude e da percepción das axudas sociais agás aquel persoal cuxo cesamento tivese orixe na xubilación.../...

Polo exposto anteriormente, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo, se procede:

Primeiro.- Modificar o Regulamento de axudas sociais, asistenciais e profesionais para o persoal laboral do Concello de Oleiros (Boletín oficial da provincia -BOP- da Coruña, núm. 156, do 17 de agosto de 2011) e o Regulamento de axudas sociais, asistenciais e profesionais para o persoal funcionario do Concello de Oleiros (BOP da Coruña núm. 289, do 17 de decembro de 2008), de xeito que no texto da DISPOSICIÓN TRANSITORIA-ÚNICA BIS onde poña:

.../...Serán beneficiarios -en todo caso- para os anos que abrangue o acordo todo o persoal laboral e funcionario que contén cun ano de antigüidade de maneira ininterrompida e estea de alta no momento da solicitude e da percepción das axudas sociais, inescusablemente.../...

Deberá poñer:



CONCELLO DE
OLEIROS

.../...Serán beneficiarios -en todo caso- para os anos que abrangue o acordo todo o persoal laboral e funcionario que contén cun ano de antigüidade de maneira ininterrompida e estea de alta no momento da solicitude e da percepción das axudas sociais agás aquel persoal cuxo cesamento tivese orixe na xubilación.../...

Segundo.- Aprobar inicialmente a modificación dos regulamentos de axudas sociais, asistenciais e profesionais para persoal laboral e funcionario do Concello de Oleiros, respectivamente, no senso de substituír o parágrafo incluído na disposición de referencia que se menciona no punto Primeiro desta proposta polo que se relaciona neste punto.

Terceiro.- Someter o expediente a información pública durante o prazo de trinta días para que as persoas interesadas poidan presentar as alegacións que consideren oportunas. De non presentarse alegacións no dito período, a modificación entenderase aprobada definitivamente e procederase á súa publicación entrando en vigor desde ese momento e con carácter retroactivo ás axudas devengadas durante ámbito temporal que abrangua o acordo cuxo texto se modifica publicado no BOP da Coruña nº 49, do 12 de marzo de 2020."

Punto 4.- Adopción de acordo en orde á solicitude de participación no POS+ Adicional 2/2022 B da Deputación Provincial da Coruña, con destino a gasto corrente

Expón o asunto a 1ª Tte. de alcalde e voceira do goberno municipal de "Alternativa dos Veciños", Dª **Mª José Varela**, explicando brevemente a proposta de solicitude de participación no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal, Plan Único de Concellos, POS+ Adicional 2/2022, da Deputación da Coruña, para a que se realización a petición da aplicación da achega asignada ós obxectos de:

- Para "financiamento de gastos correntes" por un importe de 74.708,34 € e
- Para "financiamento de investimentos financeiramente sostibles" para a execución das obras de "Renovación de redes e pavimentos das Rúas Fraternidade e Amistade", por un importe de 175.257,86 €; "Adaptación da Pérgola na Biblioteca Rialeada" 133.500,47 €; "Acondicionamento da Rúa Subiña e acceso ó novo campo de fútbol" 418.635,05 € e para a "Renovación do peche exterior no Parque José Martí" 158.663,19 €, o que fai un total de 886.056,57 € que, sumados ós 74.708,34 € destinados a gasto corrente, representa un total de 960.764,91 €.

Intervén a concelleira do grupo municipal "Popular", Dª **Mª Dolores Silva**, manifestando que o seu grupo todo o que represente facer obra de mellora para a veciñanza vana votar a favor e quere aproveitar a ocasión para agradecer que se engadan os 158.663,19 € para a "Renovación do peche exterior no Parque José Martí" tal e como viñeron solicitando en plenos anteriores.

Intervén a concelleira do grupo municipal "Socialista", Dª **Anna Candal**, dicindo que o PSOE de Oleiros sempre votará a favor sempre que se trate de melloras para a cidadanía.

Polos mesmos motivos expostos polas representantes dos outros dous grupos, anuncia o seu voto favorable o voceiro do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de 'asuntos de competencia plenaria' que tivo lugar o pasado 22 de xullo de 2022, acadándose o resultado da unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, é dicir, **dezaoito (18) votos a favor**



(doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; tres (03) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022	74.708,34.-

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total Concello	
Renovación de redes e pavimentos das Rúas Fraternidade e Amistade	175.257,86 €	-----	-----	-----	175.257,86 €
Adaptación da pérgola na Biblioteca Rialeda	133.500,47 €	-----	-----	-----	133.500,47 €
Acondicionamento da Rúa Subiña e acceso ó novo campo de fútbol	418.635,05 €	-----	-----	-----	418.635,05 €
Renovación do peche exterior no Parque José Martí	158.663,19 €	-----	-----	-----	158.663,19 €
TOTAL	886.056,57 €	-----	-----	-----	886.056,57 €

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total Concello	
-----	-----	-----	-----	-----	-----
-----	-----	-----	-----	-----	-----
-----	-----	-----	-----	-----	-----
-----	-----	-----	-----	-----	-----
TOTAL	-----	-----	-----	-----	-----

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nesta táboa.

C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:

Revisión excepcional de prezos	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais	-----

D) Resumo de financiamento:

	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Gastos correntes servizos obrigatorios	74.708,34 €				74.708,34 €



CONCELLO DE
OLEIROS

Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	886.056,57 €	-----	-----	-----	886.056,57 €
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	-----	-----	-----	-----	-----
Revisión excepcional de prezos obras municipais	-----				-----
TOTAL	960.764,91 €	-----	-----	-----	960.764,91 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Punto 5.- Aprobación inicial, se procede, da modificación de crédito 2022/MODOR/000035, de Transferencia de Créditos, para gastos derivados do contrato de subministración de enerxía eléctrica

Expón o asunto a 1ª Tte. de alcalde e voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, Dª **Mª José Varela**, explicando que a razón principal que motiva esta modificación é a constatación da incongruencia entre os créditos iniciais das aplicacións a incrementar e a previsión final das obrigas recoñecidas nesas mesmas aplicacións, segundo os cálculos do asesor enerxético. De acordo co salientado informe do asesor enerxético a modificación orzamentaria que se propón sería a correspondente na aplicación de Admón. Xeral para Enerxía Eléctrica modificaríanse 37.727,67 € para sumidoiros de enerxía eléctrica; 28,19 € para abastecemento de auga de enerxía eléctrica e 13.432,42 € destinados a Servizos Municipais para o tema de alumeados públicos, polo que o importe total da modificación ascende a 51.188,28 €.

Loxicamente ao tratarse de gastos por consumo de electricidade da anualidade de 2022, que serven de soporte para a práctica totalidade dos servizos municipais, non poden ser obxecto de demora na súa aprobación, polo que se achega esta proposta de modificación de créditos.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 22 de xullo de 2022, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e



CONCELLO DE
OLEIROS

un (01) do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos) e cinco (05) abstencións (tres (03) do grupo municipal "Popular" e dúas (02) do grupo municipal "Socialista").

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

"A concellería de OO. PP. dentro do expediente 2021/EGOBR/000039 SUBMINISTRO ELÉCTRICO PARA OS ANOS 2021-2023, ten incluído un informe do asesor enerxético, co visto e prace do concelleiro de OO. PP., no que se insta á tramitación dunha transferencia de crédito desde unha aplicación de gasto da Área de Gasto 9 en favor de varias aplicacións de gasto da Área de Gasto 1, para habilitar crédito para a aprobación dos gastos relativos ao consumo de electricidade derivados da anualidade de 2022 do contrato 2021/EGOBR/000039 SUBMINISTRO ELÉCTRICO PARA LOS AÑOS 2021-2023.

A razón principal que motiva esta modificación é a constatación da incongruencia entre os créditos iniciais das aplicacións a incrementar e a previsión final das obrigas recoñecidas nesas mesmas aplicacións, segundo os cálculos do asesor enerxético. De acordo co devandito informe, a modificación orzamentaria sería a seguinte:

DA APLICACIÓN	IMPORTE	Á APLICACIÓN	IMPORTE
60-920-22100 Admin. Xeral. Enerxía eléctrica	-51.188,28	60-160-22100 Sumidoiros. Enerxía eléctrica	+37.727,67
		60-161-22100 Abastecemento de auga Enerxía eléctrica	+28,19
		60-165-22100 A.X.M.Amb. Serv.municip. En. electr.	+13.432,42
Total	-51.188,28	Total	+51.188,28

Loxicamente ao tratarse de gastos por consumo de electricidade da anualidade de 2022, que serven de soporte para a práctica totalidade dos servizos municipais, non poden ser obxecto de demora na súa aprobación. Ademais, consideramos que na aplicación a minorar, existe crédito suficiente para os gastos previstos para o exercicio, así como para a transferencia que se propón.

Por todo o que antecede, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación de crédito 2022/MODOR/000035, de Transferencia de Créditos, entre diferentes áreas de gasto, nas aplicacións orzamentarias que se indican:

DA APLICACIÓN	IMPORTE	Á APLICACIÓN	IMPORTE
60-920-22100 Admin. Xeral. Enerxía eléctrica	-51.188,28	60-160-22100 Sumidoiros. Enerxía eléctrica	+37.727,67
		60-161-22100 Abastecemento de auga Enerxía eléctrica	+28,19
		60-165-22100 A.X.M.Amb. Serv.municip. En. electr.	+13.432,42
Total	-51.188,28	Total	+51.188,28

Segundo.- Dispoñer a apertura dun período de información pública de 15 días hábiles mediante a publicación dun edicto no BOP, de acordo co disposto polo artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, para que se poidan presentar reclamacións.

Terceiro.- No caso de que transcorra o prazo citado sen que se presenten reclamacións, o orzamento quedará aprobado de xeito definitivo e se disporá a publicación do resumo por capítulos nos termos previstos polo artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, e se remitirá copia á Administración xeral do Estado e á Xunta de Galicia."

Punto 6.- Aprobación inicial, se procede, da modificación de crédito 2022/MODOR/000036, de concesión de Suplemento de Créditos para o financiamento de gastos correntes



CONCELLO DE
OLEIROS

Expón o asunto a 1ª Tte. de alcalde e voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando brevemente a proposta sinalando que a liquidación do orzamento pasado de 2021 arroxou un remanente de tesourería de máis de 14.876.906,22 €.

O pleno do Congreso dos Deputados ratificou o acordo acadado polo Consello de Ministros de xaneiro de 2021, no que se solicitaba da Cámara Alta a apreciación de que seguen concorrendo no Estado as circunstancias extraordinarias derivadas da pandemia, recoñecendo a existencia dunha situación de emerxencia habilitando logo a posibilidade de superar límites de déficit estrutural e do volume de débeda pública.

Este acordo prorroga para este exercicio de 2022 a suspensión da aplicación das regras fiscais como medida extraordinaria para facer fronte á crise da COVID-19, deixando sen efectos os obxectivos de estabilidade e de débeda pública, así como o límite da regra de gasto para o presente exercicio.

Por este motivo, ol concello de Oleiros propón destinar oa remanente de tesourería para gastos xerais axustado ó financiamento de gastos correntes, segundo as proposta de diferentes áreas e que se sinalan:

- Da concellería de Economía e Facenda, solicítase un suplemento de crédito para o pagamento das comisións bancarias, as cales víronse incrementadas dun xeito exponencial no derradeiro ano por mor da situación dos mercados financeiros e a cotización actual do Euribor.
- Da concellería de Servizos Municipais, na que se solicita o incremento de gasto para contrato da xestión do servizo de abastecemento de auga, o contrato de adquisición de auga en alta a EMALCSA e o mantemento da rede de saneamento.

Trátase de gastos específicos e determinados que non poden demorarse para o exercicio seguinte e par os que o crédito existente no orzamento en vigor resulta insuficiente, polo que procede a aprobación dun suplemento de crédito por un importe de 710.029,80 €, que se distribúe en 60.000 € para política económica e fiscal (comisións bancarias); 443.207,52 € para abastecemento e distribución de auga; 176.822,28 € tamén para compra de auga a EMALCSA e 30.000 € para mantemento de sumidoiros.

Intervén a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, manifestando que o seu a respecto dos 30.000 € para o mantemento da rede de sumidoiros non sabe si realmente resultarán escasos.

Intervén o voceiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, salientando que ó igual que remata de dicir a concelleira do grupo “Popular”, entenden que é insuficiente a dotación de só 30.000 € para un problema que en breve teme que se volva repetir ó igual que os acentecidos no mes de outubro do ano pasado porque as actuacións dos servizos municipais neste eitod eran moi deficientes.

Intervén o voceiro do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, sinalando que con motivo da reunión da comisión informativa xa pediu explicacións ó interventor e como foron satisfactoras votará a favor.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que cando se aproba o orzamento acórdase incluso acudindo a préstamo, cando non hai necesidade porque como remata de dicir a voceira do goberno municipal existe un remanente de tesourería de máis de 14 millóns de euros, pero tivo que facerse así para cadrar as cifras.



CONCELLO DE
OLEIROS

Cóntase con este remanente na tesourería porque existe unha xestión e cóbranse os impostos á veciñanza dun xeito xusto, segundo as propiedades que ten cada quen, e cóbranse tamén taxas porque os servizos hai que mantelos e o que non se pode é deixar de facelo porque despois as contas non cadran e para que a veciñanza teña uns servizos dignos ten que haber unha recadación para sostelos, pero insiste en que queda aínda moito remanente na tesourería municipal e agora achégase este expediente para nos vindeiros meses traerse outros.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de 'asuntos de competencia plenaria' que tivo lugar o pasado 22 de xullo de 2022, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños" e un (01) do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos) e **cinco (05) abstencións** (tres (03) do grupo municipal "Popular" e dúas (02) do grupo municipal "Socialista").

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

"A liquidación do orzamento correspondente ao exercicio 2021 reflicte un remanente de tesouraría para gastos xerais axustado de 14.876.906,22 euros.

O Pleno do Congreso dos Deputados, de 13/09/2021, ten ratificado o acordo do Consello de Ministros de 27/01/2021 polo que se solicita do Congreso dos Deputados a apreciación de que seguen concorrendo en España as circunstancias extraordinarias derivadas da pandemia, e así poder recoñecer a existencia dunha situación de emerxencia extraordinaria, co fin de aplicar a previsión constitucional do artigo 135.4, que permite nestes casos superar límites de déficit estrutural e de volume de débeda pública. Todo elo en relación co art. 11.3 da lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira. Xa que logo, este acordo prorroga para 2022 a suspensión da aplicación das regras fiscais como medida extraordinaria para facer fronte á crisis da COVID-19, deixando sen efecto los obxectivos de estabilidade e de débeda pública, así como o límite da regra de gasto en 2022.

Polo tanto, o Concello vai destinar o remanente de tesouraría para gastos xerais axustado, que se deriva da liquidación do exercicio 2021, ao financiamento de gastos correntes, segundo as propostas que se sinalan a continuación:

- Proposta da Concellaría de Economía e Facenda de 31/03/2022, na que previo informe da Tesoureira, solicita un suplemento de créditos para o pagamento de comisións bancarias, as cales víronse incrementadas no derradeiro ano con motivo da situación dos mercados financeiros e a cotización actual do Euribor.
- Proposta da Concellaría de Servizos Municipais de 07/06/2022, na que se solicita o incremento de gasto para o contrato de xestión do Servizo de abastecemento de auga, o contrato de adquisición de auga en alta a Emalcsa, e o mantemento da rede de saneamento.

Trátase de gastos específicos e determinados, que non poden demorarse ao exercicio seguinte, e para os que o crédito existente no orzamento en vigor resulta insuficiente, polo que procede a aprobación dun suplemento de créditos.

Por todo o que antecede, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primero.- Aprobar inicialmente a modificación de crédito 2022/MODOR/000036, de concesión de Suplemento de Créditos por importe de 710.029,80 euros, nas aplicacións orzamentarias que se indican, aos efectos de dotar de cobertura orzamentaria para a execución dos investimentos seguintes:

Nº	MC	Partida	Denominación do proxecto	Importe
1	SC	20.931.35900	Política económica e fiscal. Outros gtos. Fin.	60.000,00 €
2	SC	61.161.22798	Abast e distr. auga. Contr. pr. serv. xest auga	443.207,52 €
3	SC	61.161.22101	Abast e distr auga: Sumin. auga Emalcsa	176.822,28 €
4	SC	61.160.21002	Sumidoiros. Mant. sumidoiros e pluviais	30.000,00 €
				710.029,80 €



CONCELLO DE
OLEIROS

O presente suplemento de créditos finánciase, tal e como prevé o artigo 36.1.a) do R.D. 500/1990, con cargo ao superávit derivado da liquidación do orzamento de 2020, o cal implica unha modificación das previsións iniciais no concepto 2021.87000 de Remanente de Tesouraría para gastos xerais.

Segundo.- Dispoñer a apertura dun período de información pública de 15 días hábiles mediante a publicación dun edicto no BOP, de acordo co disposto polo artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, para que se poidan presentar reclamacións.

Terceiro.- No caso de que transcorra o prazo citado sen que se presenten reclamacións, o orzamento quedará aprobado de xeito definitivo e se disporá a publicación do resumo por capítulos nos termos previstos polo artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, e se remitirá copia á Administración xeral do Estado e á Xunta de Galicia.”

Punto 7.- Aprobación, se procede, da inadmisión da solicitude de revisión de oficio solicitada no expediente 2020/RECADC/000679

Expón o asunto a 1ª Tte. de alcalde e voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, Dª **Mª José Varela**, explicando que foi presentado un recurso por un particular relativo á petición de revisión en vía administrativa do expediente correspondente a unha multa de tráfico por un importe principal de 1.000 €.

Esta multa foi imposta pola Policía Local por conducir en mal estado físico, despois do seguimento da multa por parte do Departamento da Orde Pública, pasándose logo á Recadación municipal para proceder ó cobro da mesma. Houbo unha providencia de constriximento, dado que a multa non se abonou no prazo establecido, existindo tamén unha resolución desestimatoria dun recurso interposto contra esa providencia de constriximento, finalmente unha notificación de providencia de embargo que foi devolta por figurar o destinatario enderezo.

En setembro do ano pasado, recibíuse no concello un oficio do xulgado coa citación, emprazamento e remisión do expediente administrativo por demanda contra resolución do recurso de reposición interposto contra a sinalada providencia de constriximento. Finalmente, recibíuse un novo auto do xulgado de desestamento por parte do interesado dando por rematado o xulgado este procedemento.

En decembro do 2021 presentouse un recurso de revisión administrativa deste expediente e como non cambiaron os feitos, nin houbo ningunha circunstancia adicional diferente, lóxicamente a resolución sería a mesma, polo que a proposta contén a inadmisión deste recurso.

Intervén o voceiro do grupo “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, sinalando que como moitos lembrarán no pleno de maio, hai pouco máis de dous meses, aquí se acordou resolver un recurso de revisión interposto por él mesmo, en representación do grupo municipal “Socialista” de Oleiros, sobre a resolución de inadmisión dunha solicitude de revisión de oficio relacionada coa adquisición de “Casa Carnicero”.

Un dos motivos nos que se baseaba a interposición deste recurso de reposición era que a resolución estaba ditada por un órgano manifestamente incompetente en razón da materia ou do territorio, tal e como neste caso están agora recoñecendo, é dicir, naquel intre quen resolveu a inadmisión da revisión de oficio foi o alcalde, a través dun decreto, agora o goberno municipal dalle a razón achegando este asunto a pleno porque é de competencia plenaria tal e como expuxo no seu intre no recurso interposto, co que espera que o goberno municipal recurra ó



CONCELLO DE
OLEIROS

procedemento de revisión de erros que lles outorga a lei e que retrotraian actuacións para actuar en consecuencia e cumprir coa legalidade, iso por unha banda.

Por outra, no punto tres do expediente consta o informe da secretaria accidental do concello de 19 de xullo de 2022 e non puido acceder ó mesmo e lembra que é preceptivo o informe de secretaría tal e como recolle o art. 33 do RD 128/2018, do Réxime Xurídico de Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional.

En canto ó fondo do asunto, anuncia a abstención do seu grupo por varias razóns, primeiro por non poder acceder ó informe salientado da secretaria municipal e logo, porque consideran que non procedería a inadmisión neste caso, por ningunha das razóns expostas en alusión ó art. 106.3 da Lei de Procedemento ó non entender a qué solicitudes substancialmente iguais que foron desestimadas refírese o informe de resolución e tampouco consideran, para nada, que careza manifestamente de motivación a solicitude cando numerosas sentenzas do Tribunal Supremo e ás que fixo referencia no pleno pasado e no que o alcalde expulsouno, sinalan claramente que a carencia manifesta de fundamento debe ser que non exista motivación ningunha, debe ser ostensible, palmaria e apreciable a simple vista, de aí ven o adverbio manifestamente, polo que non consideran que se dean estes dous casos e por tanto, non existen esas causas para inadmitilo e insiste en que como non puideron acceder ó informe de secretaría, sinala que se absterán como xa dixo.

Da orde do sr. alcalde interveño eu, **secretaria**, sinalando que no que atinxe ó expediente anterior ó que se refire o voceiro do grupo “Socialista” e sobre un recurso de reposición presentado, nese admitiuse a causa da competencia polo que se achegou logo a ratificación plenaria...

Neste intre, polo voceiro do grupo “Socialista”, Sr. **Pérez**, sinálase que logo terían que terlle admitido o recurso e retrotraer as actuacións...

Sigo coa miña intervención, sinalando que descoñece se puido acceder a toda a documentación remitida, que é xenérica para tódolos membros da Corporación...

A concelleira do grupo “Popular”, Sra. **Silva**, afirma ter recibido e aberto sen ningún problema os arquivos adxuntos á documentación que contina os expedientes plenarios con motivo da convocatoria desta sesión realizada.

Insisto eu, secretaria, que o informe debe obrar no expediente e foi remitido por correo electrónico...

Insístese polo voceiro do grupo “Socialista”, Sr. **Pérez**, que por correo electrónico non foi remitido que o remata de comprobar agora mesmo na documentación enviada e en canto a que si obraba no expediente, ratifica que cando accediu a él non estaba, ademais a lei sinala a obriga, que nunca se compriu ata agora, de que os expedientes deben conter un índice coa documentación obrante en cada un deles, asinado pola secretaria municipal e xa foi solicitado pola súa persoa en varias ocasións.

Remata a quenda de intervencións o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que a lei cúmprese sempre e ó mellor é que o voceiro do grupo “Socialista” non está de acordo con que se sancione a un condutor que deu positivo en



CONCELLO DE
OLEIROS

drogas, ó que lle contesta o voceiro do grupo “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, que o que o seu grupo quere é que se cumpra a lei, sinalando finalmente o alcalde que por iso cúmprese a lei e se sanciona polo motivo exposto.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 23 de maio de 2022, acadándose o resultado de **dezaséis (16) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; tres (03) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos) e **dúas (02) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“1.- Vista a solicitude de revisión de oficio presentada o 17/12/2021 por D. Juan Carlos Martínez Romasanta, actuando en representación de D. Iván Graña Valiño, en relación ao expediente de recadación 2020/00679, que trae causa do expediente sancionador 2019-79969.

2.- Visto informe do Técnico de Xestión Tributaria Francisco Javier Méndez Pose de data 7 de xuño de 2022 de inadmisión de revisión do expediente sancionador, por tratarse dunha solicitude que foi desestimada con anterioridade.

3.- Visto informe da Secretaria Accidental do Concello M^a Pilar Cela Álvarez de 19 de xullo de 2022 de inadmisión por tratarse dunha solicitude que foi desestimada con anterioridade e a inexistencia manifesta de fundamento da solicitude.

Por todo o que antecede, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Inadmitir a revisión de oficio solicitada por D. Juan Carlos Martínez Romasanta, en representación de D. Iván Graña Valiño, por concorrer as causas recollidas no artigo 106.3 da LPAC, en concreto, por terse previamente desestimadas solicitudes substancialmente iguais (dado que o recorrente presentou inicialmente recurso de reposición que lle foi desestimado, e posteriormente recurso contencioso administrativo no que desistiu), e por carecer manifestamente de motivación a súa solicitude de revisión, pois non xustifica ningunha das causas de nulidade recollidas no artigo 47 da LPAC.”

Punto 8.- Dar conta da liquidación do orzamento municipal correspondente ó exercicio 2021

Tódolos concelleiros e concelleiras asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* do Decreto da Alcaldía 2022003515, de 19 de xullo, mediante o cal se aproba a liquidación do orzamento municipal correspondente ó exercicio 2021.

Punto 9.- Dar conta dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2022003149 ao nº 2022003587 (incluídos)

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2022003149 ata o nº 2022003587, ambos incluídos.

Punto 10.- Mocións, rogos e preguntas

- **mocións**

Sinala o alcalde, D. **Ángel García**, que existen varias mocións presentadas que segundo a orde de presentación iniciamos coa do grupo “Popular” referente á petición de modernización ferroviaria e dotación de trens Avril.



CONCELLO DE
OLEIROS

10.1.- Moción presentada polo grupo municipal “Popular” sobre modernización ferroviaria e dotación de trens
AVRIL

Da orde do alcalde, procede a dar lectura á moción presentada o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio Corredoira**, que se transcribe na parte dispositiva do acordo acadado.

Votación da urxencia

Sen máis, da orde do alcalde pásase á votación da urxencia da moción presentada polo grupo municipal “Popular”, producíndose o resultado da unanimidade dos presentes nesta sesión, é dicir, por **dezaioito (18) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; tres (02) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *acorda proceder a tratar* a moción presentada polo grupo municipal “Popular”.

Intervén o voceiro do grupo “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, sinalando que o seu grupo está tamén de acordo coa modernización ferroviaria e a dotación destes modelo de trens que Galicia merece, pero tamén é certo que non viron esta preocupación do Partido Popular cando gobernou durante oito anos o Sr. Rajoy no Estado, sen guerra, sen volcán, pandemia e tantos outros problemas ós que se tivo que enfrontar este goberno socialista.

Tendo en conta isto, insiste en que compartan esta celeridade para que na maior brevidade posible este goberno, que seguramente o fará, dote a Galicia desta infraestrutura e deste equipamento tan necesario e débese lembrar tamén que en canto a este tema do tren de alta velocidade ven de moi lonxe e foron varios os gobernos que tiveron responsabilidade sobre esta cuestión e ven agora un tanto oportunista achacar responsabilidades ó actual que agora mesmo, contra vento e marea, tivo que facer fronte a todas estas dificultades está a gobernar.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, manifestando que aqueles que xa teñen uns anos lembran recurrentemente a tomadura de pelo que foi e que segue a ser a chegada do AVE a Galicia, porque é certo que o AVE chegou a Galicia, concretamente a Ourense, pero os cidadáns do resto de provincias e de grandes capitais teñen que coller un transporte ata Ourense e alí coller o AVE e para persoas maiores é un problema grave porque ten que andar portando equipaxe e facendo ese transbordo, por iso tamén está totalmente de acordo en apoiar a moción presentada.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, anunciando o voto a favor do goberno municipal, polo que dá paso á votación.

Votación da moción

Pasándose á votación da urxencia da moción presentada polo grupo municipal “Popular”, producíndose o resultado de **dezaséis (16) votos a favor** (tres (03) do grupo municipal “Popular”; doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos) e **dúas (02) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal “Socialista”).



CONCELLO DE
OLEIROS

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *aproba* a moción presentada polo grupo municipal “Popular” que se transcribe:

“Exposición de motivos:

A situación xeográfica periférica de Galicia fai que resulte determinante dispoñer de infraestruturas de comunicación modernas e axeitadas para favorecer a vertebración do territorio e asegurar a viabilidade e competitividade das empresas e dos sectores produtivos. Cumprir con estes obxectivos pasa necesariamente por contar cuns servizos ferroviarios de calidade.

Por iso, é imprescindible que sen desatender os servizos ferroviarios convencionais, fundamentais para garantir a mobilidade dos cidadáns e para revitalizar o interior de Galicia, o goberno de España aposte pola alta velocidade ferroviaria e traballe para aproveitar ao máximo as súas potencialidades en beneficio da cidadanía e do territorio.

A chegada do AVE á cidade de Ourense a finais do pasado ano, tras máis de dúas décadas de obras e un longo camiño de reivindicacións políticas e sociais foi, sen dúbida, un fito histórico que abriu un importante abano de posibilidades no ámbito económico, turístico ou social.

Pero para que esas posibilidades potenciais se convertan en realidade en todo o territorio, é preciso que se cumpran unha serie de condicións, que desafortunadamente non se están a cumprir.

Entre elas, dotar a Galicia dos trens Avril de ancho variable, para que poidan circular polas novas vías de alta velocidade e polas vías convencionais do eixo atlántico e, deste xeito, acadar que a alta velocidade ferroviaria chegue a Santiago, A Coruña, Pontevedra ou Vigo, cumprindo así os tempos de vaixe comprometidos polo goberno de España.

Este tipo de trens, segundo o compromiso asumido no seu día polo goberno central, tiñan que estar funcionando xa na nosa comunidade este verán, completando o camiño do AVE a Galicia. Pero segundo ven de recoñecer o Ministerio de Transportes, non só non estarán operativos este verán, co conseguinte prexuízo que iso supón, máxime tendo en conta que o turismo esta temporada alta e en pleno Xacobeo extraordinario, senón que o que é aínda peor, non se sabe cando o estarán.

Para o Partido Popular, ademais de que os trens Avril entren en funcionamento de xeito inmediato é unha prioridade mellorar as infraestruturas e dispoñer dunha planificación completa de obras para a modernización das liñas ferroviarias que permitan conectar coa alta velocidade tamén a Lugo e Ferrol. Non podemos aceptar que estas dúas cidades queden á marxe da renovación ferroviaria de Galicia.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal “Popular” propón neste pleno que se adopte o seguinte acordo:

- 1.- Demandar ao goberno de España a dotación inmediata dos trens Avril de rodadura desprazable que permita a chegada da alta velocidade ás cidades de Santiago, A Coruña, Pontevedra e Vigo.
- 2.- Demandar ao goberno de España a presentación e execución dunha planificación concreta e completa para a modernización das infraestruturas ferroviarias para que Ferrol e Lugo se coñecten tamén coa Alta Velocidade.”

10.2.- Moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos solicitando á empresa ALSA do incremento da frecuencia no servizo de transporte interurbano da liña B20

Da orde do alcalde, o voceiro do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, explica que esta moción elévase a esta sesión despois de ter realizado conversas tanto con representantes da concesionaria do servizo ALSA, coa Xerencia do Centro Comercial de Iñás e lodo dunha pequena enquisa feita a uns cen traballadores e traballadoras das diferentes empresas e comercios radicadas no Polígono Industrial de Iñás.

De seguido, procede a dar lectura ó texto da moción que se transcribe na parte dispositiva do acordo acadado.



CONCELLO DE
OLEIROS

Votación da urxencia

Sen máis e da orde do alcalde pásase á votación da urxencia da moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, producíndose o resultado da unanimidade dos asistentes presentes neste intre na sesión, é dicir, por **dezaoito (18) votos a favor** (un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos); doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; tres (03) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”.

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *acorda tratar* a moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos.

Intervén a concelleira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, para amosar a súa conformidade en canto á moción presentada e que se poida mellorar a frecuencia desa liña.

Intervén o voceiro do grupo “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, sinalando que poden estar de acordo co espírito da moción e coa súa exposición de motivos, pero a consideran improcedente porque a competencia en materia de transporte de viaxeiros é a Xunta de Galicia, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, que é a quen entende que se debe instar esta petición, co que non entende que se vaia dirixir unha moción a unha empresa que cumpre un servizo de acordo cun contrato asinado.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que cando se modificaron os itinerarios do servizo de autobús no concello, cre que hai dous anos aproximadamente, variaron varias liñas como por exemplo a que chegaba ata a zona norte municipal, que mellorou moito, cunha frecuencia dunha hora entre viaxe e viaxe, incluso menos, e tamén noutras zonas que contaban cunha forte demanda, como a Sta. Cruz, Arillo, e foi unha demanda municipal que fixeron no seu día, que era a creación dunha liña de bus ata o polígono industrial de Lñás en previsión do seu crecemento e nun principio a frecuencia era cada dúas horas.

Logo, M^a José Varela, que é a responsable deste goberno municipal no tema do transporte, visto ese crecemento do polígono industrial, solicitou á empresa ALSA que mellorara a frecuencia, porque había demanda de viaxeiros dado que no día De hoxe Lñás é a zona comercial puxante con moita actividade, a que máis do municipio a diferenza, doutras zonas como a de Icaria, que conta con outro tipo de actividade.

No que atinxe ó solicitado na moción respecto desa liña, beneficiaría ós veciños de Perillo, Montrove, Oleiros e Lñás, non así ós de Sta. Cruz, Dorneda ou ós da zona norte. En canto á parada á que aludía o voceiro de Ciudadanos que non estaba operativa, ten que dicirlle que sí está operativa porque é a liña municipal que, por certo, haberá que volver a estudar esa liña e poñer un bus máis grande porque agora no verán, xa só cos que collen o bus no Burgo para ir á praia a Mera xa se enche e logo non pode subirse ninguén nas seguintes paradas.

Para rematar e tendo en conta o anteriormente sinalado, é certo que hai que mellorar certas liñas en canto a súa frecuencia e destinos, polo que están de acordo coa moción presentada e anuncia o voto favorable do goberno.

Votación da moción



CONCELLO DE
OLEIROS

Sen máis e da orde do alcalde pásase á votación da urxencia da moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, producíndose o resultado de **dezaséis (16) votos a favor** (un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos); doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e tres (03) do grupo municipal “Popular”) e **dúas (02) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *acorda aprobar* a moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos seguinte:

“Exposición de motivos:

Desde que no ano 2010 inaugurouse no noso concello o Polígono de Iñás, a evolución do mesmo foi constante tanto no número de empresas alí ubicadas coma no número de traballadores e traballadoras que desempeñan a súa actividade local, desenvolvéndose de luns a sábado tanto no Centro Comercial coma nas empresas colindantes, dunha intensa actividade.

Así, aproximadamente máis de 500 persoas desprázanse diariamente ó polígono para desenvolver a súa actividade laboral, cifra que se incrementou e se incrementará notablemente coa inauguración dun novo centro de alimentación e proximamente coa dunha marca de automóbiles.

Sen embargo, a rede de transporte público que permite desprazarse ó polígono a traballadores e visitantes, é totalmente deficitaria.

Nestes intres, o servizo está operativo a través da empresa ALSA coa liña B20, que saíndo da Coruña, recorrendo o noso concello co seguinte percorrido:

Entrexardíns, Costa da Palloza, Estación de Autobuses da Coruña, A Gaitreira, Os Catros, CHUAC, Materno, Xexuitas, Ponte Pasaxe, Lucín, Solana, Montrove, Os Limoeiros, Lamastelle, As Pedreiras, Os Regos, A Pezoca, Oleiros (concello), Fontedouro, Rúa Silvas, Carrefour Iñás, Centro Comercial Iñás, Arenaza, Dechatlon Oleiros, Rúa Bergantiños, Colexio Cristo Rei, A Cruz e IES Miraflores.

Este percorrido permite acceder ó polígono a usuarios de distintas zonas da cidade da Coruña e do Concello de Oleiros, polo que cunha frecuencia maior e unha información axeitada evitaría o uso de vehículos privados coas ventaxes adicionais de contaminación e consumo que elo conlevaría, así como a posibilidade de abaratar os custos de desprazamento dos traballadores e traballadoras.

O problema é que esta liña ten unha frecuencia cada dúas horas, desde as 9:20 ata as 21:20 de luns a venres e dunha hora os sábados, o que dificulta enormemente a súa utilización por parte dos traballadores do polígono.

Por outra banda, existe unha parada no Centro Comercial de Iñás, debidamente indicada cos sinais verticais e no chan, co seu vado correspondente e unha marquesiña que non está operativa, polo que é frecuente ver a persoas esperando alí inutilmente un autobús que nunca chegará.

Sen embargo, na beirarrúa de enfronte sí realiza unha parada o autobús e non existe marquesiña.

Por todo isto, propoñemos a todos os grupos do concello adoptar o seguinte ACORDO:

- 1.- Solicitar á empresa ALSA, concesionario do servizo, incrementar a frecuencia da liña B20, de forma que tódolos días, de luns a sábado e desde as 8:20 horas, coa frecuencia dunha hora se poida acceder ó polígono.
- 2.- Realizar un labor informativo a tódalas empresas do polígono do novo horario para que estas poidan informar ós seus traballadores.
- 3.- Sinalizar á maior brevidade posible, mediante cartel ou similar, unha marquesiña ubicada no Centro Comercial de Iñás, que non está operativa e trasladala posteriormente á beirarrúa de enfronte, onde sí para o autobús.”

Antes de pasar a tratar a seguinte moción, intervén a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a M^a **José Varela**, coa fin de clarexarlle ó voceiro de Ciudadanos que hai que tramitala ante a Xunta de Galicia, aínda que se fará chegar tamén á empresa concesionaria do servizo.



CONCELLO DE
OLEIROS

Seguindo coa sesión o alcalde, D. **Ángel García**, sinala que existe unha moción presentada polo grupo municipal “Socialista” que non figura nin rexistrada, nin asinada...

Neste intre, pola concelleira do grupo “Socialista”, D^a **Anna Candal**, maniféstase que o seu grupo decide retirala para presentala nunha vindeira sesión plenaria.

Segue o alcalde, D. **Ángel García**, manifestando que logo pásase a outra moción presentada polo grupo “Popular” a respecto dos incendios forestais.

10.3.- Moción presentada polo grupo municipal “Popular” solicitando a adopción de medidas urxentes para paliar os efectos ambientais e económicos derivados dos incendios forestais

Da orde do alcalde, dá lectura á moción presentada a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, dando lectura á moción que se transcribe:

“Exposición de motivos:

O luns 11 de xullo, unha tormenta seca e a conseguinte acción dos lóstregos, causaban varios lumes forestais nas provincias do centro oriental da península, como o declarado en Las Mestas, no termo municipal del Ladrillar (Cáceres), que se estendía con rapidez traspasando los límites da comunidade autónoma para afectar a Salamanca. Os lumes forestais proliferaban na provincia de Salamanca, como os declarados en Candelario, Puerto Seguro, Miranda del Castañar, Saelices el Chico, Carcibuey, San Felices de los Gallegos y Sobradillo, que obrigaban á Xunta de Castela e León a declarar o nivel 2 por acumulación de focos.

Pendente da evolución dos lumes de principio de semana, o xoves 14, as chamas rodearon o pobo de Casas de Miravete (Cáceres) propagándose de madrugada polo interior do Parque Nacional de Monfragüe. Ese mesmo día, os lóstregos provocaron varios incendios en Galicia.

O día seguinte, venres 15, un lume declarábase no paraxe El Higuernón, no termo municipal de Mijas (Málaga), así como na zona de Figueruela de Abajo (Zamora), nas inmediacións da Serra da Culebra e en Roelos de Sayago (Zamora) ou en Navafría (Segovia). Os diferentes incendios nunha deca de municipio de Galicia, como os tres focos de Folgoso do Courel (Lugo) e o de A Pobra de Brollón (Lugo) ou Carballeda de Valdeorras (Ourense), avanzaban inexorables.

As noticias sobre desaloxos sucedíanse nos distintos lugares pola proximidade das chamas ós núcleos urbanos e as vivendas illadas. Os diferentes responsables de extinción coincidían na virulencia dos lumes.

O sábado, un total de 15 incendios permanecían activos en Castela e León, dos cales catro atopábanse no nivel 2. A súa vez, iniciábase no termo municipal de Cebreros (Ávila) un novo sinistro. O domingo, declarábase un novo lume en Losacio (Zamora) no que, finalmente, houbo que lamentar ó falecemento de dúas persoas, un brigadista de extinción e un gandeiro de Escobar de Tábara. Tamén se declaraban outros lumes na contorna da Garganta de los Infiernos no Valle del Jerte (Cáceres) e en Pont de Vilomara (Barcelona).



CONCELLO DE
OLEIROS

Estes son algúns exemplos das localidades que padeceron o debastador efecto do lume. O resultado, independentemente da evolución particular de cada lume, son milleiros de hectárea calcinadas en poucos días, danos persoais e de bens, así como un tremendo dano medioambiental, un revés para a actividade económica de cada rexión.

Sen dúbida, trátase dun ano meteorolóxicamente complicado, e os lumes forestais seguen deixando cicatrices no noso territorio e pegada nas persoas afectadas, nas súas propiedade e no patrimonio natural e paisaxístico. O lume non sabe de fronteiras nin de competencias administrativas e cada vez é máis patente que os lumes deben prevenirse e se deben apagar nos primeiros instantes, cando aínda se consideran conatos; do contrario, hai moitas posibilidades de converterse en grandes lumes forestais con afectación a amplas superficies, poñendo en perigo vidas humanas, afeccións ó medio rural e á economía das zonas afectadas.

Por elo, o grupo “Popular” no Concello de Oleiros, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

O Pleno do Concello manifesta a súa solidariedade e axuda ás persoas e familias afectadas polos lumes, expresa o seu apoio incondicional a tódalas forzas que traballan incansablemente na súa extinción e insta ó Presidente do Goberno e á Ministra de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico a adoptar las decisións necesarias para paliar os efectos catastróficos dos lumes en España e en concreto a:

- 1.- Elaborar, en colaboración coas administracións afectas e á maior brevidade posible, un informe coa avaliación de tódolos lumes forestais que afectaron ás distintas comunidades autónomas durante o mes de xullo de 2022, determinando e cuantificando o alcance real dos mesmos e activar as axudas derivadas da situación de emerxencia ou natureza catastrófica, especialmente dos cualificados como “grandes lumes” ou que afectaran á poboación ou espazos naturais singulares.
- 2.- Analizar a declaración de zona gravemente afectada por unha emerxencia de protección civil, segundo o procedemento e ós efectos de establecido na Lei 17/2015, de 9 de xullo, nos municipios afectados polos lumes forestais acaecidos durante o mes de xullo de 2022.
- 3.- En atención á declaración de zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil, aplicar as medidas dispostas no artigo 24 da Lei 17/2015, de 9 de xullo, que resulten convintes para paliar os danos provocados polos lumes e en concreto:
 - a) Conceder axudas económicas a particulares por danos á vivenda habitual e enseres de primeira necesidade que procedan.
 - b) Realizar a compensación ás corporacións locais efectadas por gastos derivados de actuacións inaprazables.
 - c) Aprobar as correspondentes axudas a persoas físicas ou xurídicas que levaran a cabo a prestación persoal de servizos e bens.
 - d) Aprobar as correspondentes axudas destinadas a establecementos industriais, mercantís ou de servizos.
 - e) Aprobar, se procede, as subvencións por danos en infraestruturas municipais e rede viaria provincial.



CONCELLO DE
OLEIROS

f) Aprobar, se procede, as subvencións por danos en infraestruturas hidráulicas que se puideran ver afectadas polas chamas, en particular aquelas que dan servizo ás comunidades de regantes e pequenos agricultores.

g) Aprobar, se procede, as subvencións por danos en producións agrícolas, gandeiras e forestais.

h) Aprobar medidas fiscais, laborais e da Seguridade Social.

4.- Avaliar, se procede, as medidas excepcionais de autorización de redución dos índices de rendemento neto da explotacións e actividades agrarias realizadas nas zonas sinistradas.

5.- Colaborar, coas administracións competentes, na realización dos traballos de restauración forestal e ecolóxica das áreas afectadas polos lumes e coordinar as medidas de carácter preventivo, para evitar a repetición de situacións similares.

6.- Que o Goberno comunique ós Concellos afectados a súa decisión sobre a aprobación das medidas de axudas aplicadas de cara á previsión de orzamentos municipais.

7.- Levar a cabo a coordinación e seguimento das medidas para acadar o seu máximo desenvolvemento, creando unha comisión de coordinación segundo o disposto no artigo 25 da Lei17/2015, de 9 de xullo.

8.- Solicitar as axudas que o Fondo de Solidariedade da Unión Europea pon a disposición dos Estados para compensar as perdas e danos causados polos lumes e as súas consecuencias.

9.- Habilitar, ante situacións excepcionais como as vividas durante os días do mes de xullo, os protocolos de continxencia que permitan a participación doutras unidades do exército, diferentes do operativo de intervención propio nos supostos de grave risco, catástrofe, calamidade ou outros necesidades públicas, para reforzar os labores de prevención, apoio á extinción e extinción dos lumes forestais e/ou como operativo de vixilancia e disuasión.

Así mesmo, acorda dar traslado destes acordos ó Presidente do Goberno de España, á Vicepresidenta Terceira do Goberno e Ministra de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico e á Ministra de Defensa, así como ós Voceiros dos Grupos parlamentares das Cortes Xerais e á Xunta de Goberno da FEMP.”

De seguido, procede a dar lectura ó texto da moción que se transcribe na parte dispositiva do acordo acadado.

Votación da urxencia

Sen máis e da orde do alcalde pásase á votación da urxencia da moción presentada polo grupo municipal “Popular”, producíndose o resultado da unanimidade dos asistentes presentes neste intre na sesión, é dicir, por **dezaoito (18) votos a favor** (un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos); doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; tres (03) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”.

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *acorda tratar* a moción presentada polo grupo municipal “Popular”.

Intervén o voceiro do grupo “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, sinalando que evidentemente solidarízanse con tódolos dannificados polos numerosos lumes que están a asolar o país, aínda que a causa da maioría dos lumes ten dúas



CONCELLO DE
OLEIROS

vertentes. Por unha banda, a seca que estamos a padecer ó longo de todo este ano e por outra e quizáis a máis importante, é o abandono do agro.

Realmente de todos é coñecido que os lumes prevense durante os meses de inverno, polo que hai alguén que non está a facer ben o seu labor, non se están a levar a cabo medidas de prevención.

En canto a todo o que se solicita na moción presentada, so quere ceñirse tamén á lei, así a lei autonómica 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia, esas competencias claramente están transferidas, tal e como se sinala na exposición de motivos e artigos 5 e 6 do nomeado texto legislativo, nos que se salienta que corresponde á Xunta de Galicia a xestión e dirección da prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, as competencias da Xunta de Galicia en materia de incendios forestais exerceranse por Consello da Xunta e pola Consellería competente en materia de incendios forestais nos termos previstos na nomeada lei, co que todo o relacionado coa planificación, xestión, prevención e extinción de incendios foi transferida á Xunta de Galicia e tamén en materia de subvencións e axudas.

Finalmente, cre que foi o goberno de Zapatero que con moi bo criterio creou a Unidade Militar de Emerxencias, que foi obxecto de tanta crítica no seu intre porque se detraían recursos do exército para destinalos a este tipo de situacións, é dicir, un acerto claro do Partido Socialista e do presidente Zapatero naquel intre, o que non se pode é desviar a atención e non levar a cabo as competencias polas que se loitaron e lembrar que non hai moito tempo o Partido Popular está a solicitar as competencias ne materia de Costas, debe de ser para que cando proceda ou interese presentar unha moción como esta, desviando a atención e pasarlle a pelota ó do lado.

En todo caso, entendo que tódalas administracións teñen que colaborar, pero as competencias están delegadas cun criterio e para algo, tampouco entendo determinadas medidas que se solicitan que son vagas, pouco definidas como o de aprobar medidas fiscais, laborais e da seguridade social ¿En qué sentido?.

Intervén a concelleira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, como propoñente da moción, dando resposta ó alegado polo Sr. Pérez, sinalando que é coñecedora de que a Xunta de Galicia ten delegadas esas competencias e xa está a tomar medidas porque está concedendo axudas e como testemuña en directo dun lume que asolagou un concello cunha riqueza medioambiental e paisaxística tremenda sendo unha mágoa como quedou e cónstalle que este concello contaba con brigadistas e que se fixeron labores de prevención con anterioridade e é certo que agora os lumes chegan máis de preto ás zonas poboacionais debido á despoboación do agro porque antes, os labores de limpeza e conservación destas zonas forestais próximas ás vivendas as viñan facendo con regularidade os habitantes e de aí que agora se viran máis vivendas afectadas.

A pretensión do seu grupo coa presentación desta moción é actuar sobre uns feitos acaecidos agora e é certo que hai que seguir facendo labores de prevención e melloralas pero o que hai que facer agora é axudar para paliar o deterioro e para que os técnicos se poñan a rehabilitar e repoboar todas esas zonas e cónstalle que xa hai técnicos da Xunta de Galicia facendo este labor e por iso solicitan unha colaboración por parte do goberno do Estado.



CONCELLO DE
OLEIROS

Segue coa súa intervención o voceiro do grupo "Socialista", D. **Jorge Pérez**, manifestando que está claro que eses traballos de prevención non se fixo convintemente, que a Xunta de Galicia non exerceu as funcións que a propia lei outórgalle e queda claro tamén, que as políticas de fixación de poboación no rural non se levaron a cabo pola Xunta de Galicia e que esa despoboación obedece á falla de políticas de fixación de poboación no agro.

É certo que existen causas que son inevitables, como a seca que se está a producir no Estado, ou que caia un lóstrego no medio dun monte e se produza un lume, hai cousas que son impredecibles, pero isto non quita que queda claro tamén que non se fixo ben o seu traballo desta a institución autonómica.

Intervén o voceiro do grupo "Mixto"-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, salientando que os tema dos lumes en Galicia é máis antigo que a chegada do AVE, é un problema global e tamén é certo que uns e outros pouco fixeron para resolvelo, o cambio climático é unha realidade e os problemas que había de sempre e que non se resolveron axeitadamente, medraron e agora métennos medo, pero había que telo collido antes.

Entre todos, sexan amigos de Alberto ou Pedro, terán que poñerse de acordo consensuando temas, como este, e como non se aborde dun xeito global vaise pasar moi mal, sobre todo os nosos fillos.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, dicindo que a situación que se está a vivir é tremenda e coñecida por todos, os factores que inflúen nesta problemática veñen dado por unha situación inusual, por unha seca extrema que non se sufría no Estado en décadas e, polo tanto, unha situación moi grave.

A este goberno estatal tocoulle lidiar con moitos asuntos extremos, desde a pandemia, á guerra, o volcán e agora a seca, parece que lle tocou aguantar das sete pragas e ten un mérito tremendo porque aquí parece que todo é achacarlle todos os males do mundo e resulta que este presidente vanas abordando e xestionando. Isa é a realidade e non é do PSOE, pero non deixa de recoñecer a valía que ten este presidente e ceñíndonos ó que se propón nesta moción, está claro que sinala asuntos que son reais pero centrándose nunha liña política crítica e é máis, remátase coas solicitudes ó presidente do goberno e a varios ministerios, pero non fala nada da Xunta de Galicia, polo que non pode admitila por iso, non se pode atacar só ó goberno da nación, que insiste en que non ten culpa dos incendios e hai pouco máis dun mes él mesmo sufriu un incendio en Zamora, nunha viaxe que fixo a Puebla de Sanabria, e a xente queixábase de que o goberno do Partido Popular en Castela e León nada fixera en prevención e o lume asolou esa reserva natural de gran importancia, pasa o mesmo tamén en zonas nas que goberno o Partido Socialista, como Extremadura.

Falouno o voceiro de Ciudadanos antes, isto vense falando recurrentemente a gora como se agravou pola situación que se está a vivir e veñen as lamentacións. Débese facer un labor de prevención e contratar as brigadas contra incendios con anterioridade ó verán para que fagan ese labor e as brigadas non se contratan con tempo suficiente para facelo e a gora pasa o que estase a sufrir pero insiste en que non poden apoiar unha moción onde se sinala practicamente como único responsable ó goberno da nación.



CONCELLO DE
OLEIROS

Outra tema é que se acordou prohibir a repoboación con eucaliptos e se un da unha volta polo territorio, verase plantacións inxentes de eucaliptos espalladas por Galicia ¿Onde están os inspectores da Xunta de Galicia? ¿Quen vela para que isto non se produza? Porque ademais o eucalipto é unha das especies arbóreas que pola súa composición arde con máis facilidade, por iso e polo antes sinalado anuncia o seu voto en contra da moción.

Matiza a concelleira do grupo “Popular”, Sra. **Silva**, que esa non era a intención, nin o espírito da moción presentada, senón que era solicitar axudas para paliar os danos e son conscientes de que a Xunta de Galicia ten as competencias delegadas, tamén que existen concellos que non teñen contratadas as brigadas proque se negan a facelo ó ter que facer tamén unha aportación do seu orzamento, un feito que ven pasando todos aos anos.

Contesta o alcalde, Sr. **García**, que non lle estrana que algún concello do interior néguese a pagar porque non teñen recursos, nalgúns casos non teñen nin secretario nin interventor, ten que existir unha política estatal e autonómica, tamén as deputacións, que dote de recursos a estes concellos e que se contraten brigadas para que realicen eses traballos de prevención, polo que é un tema que deben abordar estas institucións.

Votación da moción

Sen máis e da orde do alcalde pásase á votación da urxencia da moción presentada polo grupo municipal “Popular”, producíndose o resultado de **tres (03) votos a favor** (tres (03) do grupo municipal “Popular”): **unha (01) abstención** (un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos) e **catorce (14) votos en contra** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *acorda rexeitar* a moción presentada polo grupo municipal “Popular”.

*** rogos e preguntas**

10.4.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre arranxo provisional de beirarrúa, a carón dos contedores, na Avda. de Sta. Cristina

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“O mes pasado preguntaron no pleno polo deterioro que veñen padecendo os veciños de Sta. Cristina na beirarrúa no tramo que hai a carón dos contedores, hai pouco puxeron uns balados, polo que solicitan que se realice unha reparación puntual para poder acceder sen problemas ós contedores, saben que se vai reparar pola Deputación provincial toda a avenida, pero aínda non hai unha data concreta.”

10.5.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre habilitación de prazas reservadas a residentes en diferentes núcleos de poboación municipais

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio Corredoira**, sinalando:

“Chegado o bo tempo, a afluencia de turistas fai máis difícil aparcar en determinados núcleos de poboación, como pode ser Sta. Cruz, polo que rogan ó concello que establezan a reserva dun determinado número de prazas para residentes.”

10.6.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre mal estado dos contedores do lixo na zona de Beirmar



CONCELLO DE
OLEIROS

Expón o rogo a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“Non sabe se coñece, cre que sí porque ten visto ó alcalde pasear pola zona, o deplorable e antihixiénico aspecto que presentan os contedores do lixo situados na zona de Beiramar, que parece totalmente abandonada, polo que solicitan unha vez máis que se requira á empresa a limpeza ou reposición deses contedores.

Son conscientes de que esa limpeza de contedores realízase noutras zona de forma periódica, pero o estado dos contedores desta zona, indican que probablemente esa limpeza non sexa efectiva, saben que pasaron e botáronlle auga, pero esa limpeza non resulta suficiente, pódese observar nunhas fotografías que aporta e mostra neste intre, onde se constata que os contedores están rotos, polo que procedería facer unha reposición dos mesmos.”

10.7.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre limpeza da zona do Paraíso (Beiramar)

Expón o rogo a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“Nesa mesma zona de Beiramar, cónstalles que xa trasladaron as queixas ó concello, a carón da zona do Paraíso existe un muro nunha rúa, que de momento non está aberta ata o intre da construción dos catro chalés, que está sendo utilizado de forma incívica de aseo público que, unido á malexa e á presenza de roedores, convirten un fermoso espazo nalgo inadmisibile nun concello como Oleiros, polo que solicitan a limpeza desa zona, o mantemento en bo estado dos xardíns e a instalación dalgún cartel disuasorio, ademais doutro tipo de accións de vixilancia que saben que se están levando a cabo.”

10.8.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre limpeza de resto de poda na Rúa da Vila (Iñás)

Expón o rogo a concelleira do grupo municipal “Socialista”, D^a **Anna Candal**, sinalando:

“Rogan que se proceda á retirada dos restos da poda realizada hai un mes na Rúa da Vila (Iñás) para evitar que se deteriore máis a fibra óptica existente na nomeada Rúa.”

10.9.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos sobre peticións varias

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, sinalando:

“Agora que se inicia a tempada estival e no mes de agosto non vai haber pleno, via realizar varias solicitudes:

1.- Se percorremos a Rúa Corredoira das Viñas, existe unha zona axardiñada, agora que se gastaron moitos cartos nos bancos de Sta. Cruz que, por certo quedaron precisos, solicita a instalación de dous bancos pequenos para os viandantes que disfruten desa zona de xardín.

2.- Se seguimos pola Rúa Mirador e pasamos a carón dos contedores existentes, que xa falou deles nalgunha outra ocasión, e que non vai insistir en que a ver si se corren un pouco para dar maior visibilidade, pero si se sigue cara adiante atópase a Rúa Castaño, cunha problemática similar, pero aquí en vez de mover os contedores cara a dereita é movelos á esquerda, porque están mesmo a carón do paso de peóns.

3.- Seguimos por Valle-Inclán e cando entramos na Rúa Casares Quiroga, atopámonos co estreitamento da vía, polo que solicita que se instale un sinal de prioridade de paso para evitar a disuñtiva de que vehículo pasa primeiro.

4.- Seguimos pola Rúa Casares Quiroga ata a confluencia con Rosal de Castro ata chegar ó semáforo. A este semáforo chámalle o do sexo, porque é como unha exaculación precoz, porque ten unha temporización de 14” para pasar uns e 2’ os da estrada de Montrove, polo que propón que se cambien as temporizacións por exemplo a 30” un e a 1,30’ o outro, polo menos para que sexa máis equitativo.

5.- Finalmente, os grupos políticos municipais teñen unha persoa que lles dá apoio e o outro día, xa o falou coa secretaria municipal, tentou localizala a través de tódolos medios posibles, porque lle mandou correos electrónicos, chamouna e ó final, ata veu ata as instalacións e claro non estaba, polo que roga que cando esta traballadora adscrita ós grupos políticos municipais estea de vacacións, entende que debe estar, que se lles comunique para ter constancia da situación laboral na que se atopa.”

10.10.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre obras na Rúa do Souto

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:



CONCELLO DE
OLEIROS

“Seguen a recibir queixas de veciños da Rúa do Souto, dado que tras practicamente un ano de obras seguen a sufrir as molestias derivadas das mesmas debido á lentitude na súa execución, polo que lles gustaría saber ¿Cal é a data prevista para o seu remate? E ¿Qué queda por executar?”

10.11.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre medidas de seguridade e limpeza con motivo das festas de verán

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“Ante o calendario de festas previstas para esta tempada de verán, gustaríalles saber ¿Cales son as medidas de seguridade e limpeza para as mesas?”

Entenden que fai falla máis seguridade, sobre todo no remate das mesmas, porque como xa se puido sufrir, hai xente que non vai só a divertirse ás festas senón que fan danos materiais e incluso roubos, como os acontecidos nas Igrexas de Dorneda ou Mera, polo que cren que debería haber máis presenza policial nas mesmas.”

10.12.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre okupación na casa da rotonda das Pedreiras

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio J. Corredoira**, sinalando:

“Os okupas que estaban na casa sita na rotonda das Pedreiras parece que volveron a ocupala novamente ¿Van axudar dalgún xeito á propiedade para tratar de desocupala?”

10.13.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre as obras na Rúa do Souto

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, sinalando:

“Esta pregunta é un clasico, porque xa se trouxo en varias ocasións a este pleno referente ás obras na Rúa do Souto, remata tamén de facelo o grupo “Popular”, pero é que os veciños están desesperados ante meses e meses de obras inacabadas e eternas coa rúa practicamente intransitable, no verán levántase o polvo volvéndose totalmente insalubre, etc. ¿Cando se teñen previsto rematar as actuacións municipais desta obra? E ¿En qué estado se atopan neste intre estes traballos?”

10.14.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre obras de acondicionamento para uso de hostelería nunha edificación sita no Parque das 13 Rosas

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, sinalando:

“Segundo se publicou en prensa estes días, parece ser que o concello vai realizar un investimento duns 40.000 € nunha vivenda sita na contorna do Parque das 13 Rosas, coa intención de abrir un establecemento de hostelería, descoñece se unha cafetería un restaurante. Gustaría lle saber ¿Permite o PXMO vixente neste concello tales usos para unha edificación que, no seu intre, calificouse como fóra de ordenación? E, para o caso de que a pregunta fose afirmativa, ¿Vai contar cos permisos preceptivos de Costas do Estado non?”

10.15.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre expediente expropiatorio dunha edificación sita en Mera

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, sinalando:

“En canto a outro expediente expropiatorio, referido a unha edificación sita na entrada de Mera, gustaríalles recibir unha explicación sobre ¿En qué situación se atopan agora as negociacións coa propiedade? E ¿Cales son os prazos previstos para levar a cabo esa expropiación?”

10.16.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos sobre execución do centro comercial na contorna da glorieta da estatuta do Che Guevara

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, sinalando:

“¿Tense coñecemento do inicio das obras do centro comercial de Eroski que vai ubicarse na contorna da glorieta da estatuto do Che Guevara?”

10.17.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos sobre o paso de peóns solicitado no Couto



CONCELLO DE
OLEIROS

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, sinalando:

"¿Existe algún avance en canto á problemática existente no Couto e o paso de peóns solicitado?; ¿Dixo algo a Xunta de Galicia ó respecto?.

Hai algunha posibilidade de cara ó mes de setembro que estes veciños poidan ver solucionado este asunto e aínda que quedou claro por parte municipal que é competencia da Xunta de Galicia, cre que falando enténdese a xente e debería de chegarse a un acordo máis pronto que tarde, coa fin de resolver ese problema para a veciñanza do Couto."

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, manifestando que no que atinxe ós contedores de Sta. Cristina, xa se mandaron arranxar, nunha visita que fixeron comprobaron que se está a facer algo para amañalo de xeito provisional porque teñen como un balado, en concreto, o que está situado fronte á Cateria "Marty", e o fío disto anuncia que as obras que se van executar en Sta. Cristina licitaranse aproximadamente no mes de outubro.

Sobre a posibilidade de habilitar prazas para residentes na zona ORA en Sta. Cruz, é a zona onde menos zona de ORA existe no municipio, uns 250 ou 300 metros. Cre que ese non é a problemática coa que conta o núcleo de Sta. Cruz, porque ademáis esa zona de ORA está practicamente sempre ocupada por residentes que teñen praza de garaxe nas inmediacións e deixan os seus vehículos fóra. Sta. Cruz conta con centos de prazas para aparcas, porque toda a zona que se expropiou a carón da Praia de Naval está habilitada precisamente para poder aparcas nela, o que non se pode pretender e ir a xantar a un restaurante e aparcas diante, insiste en que é a localidade municipal con menos zona de ORA.

Os contedores de Beirmar, faino extensivo ós contedores espallados polo municipio, en varias ocasións xa se lle instou á empresa concesionaria que procedese a súa limpeza de xeito máis regular, porque ten que facelo unha vez cada quince días e non o fai, cónstalle. Non pode ser que os contedores das zonas máis poboadas do municipio non se limpen, pero de aí a que algún veciño diga que a zona de Beirmar está chea de lixo, non é certo, está ben e tan coidada como as demais e cando rematen todas as obras que se están levando a cabo na súa contorna, quedará fermosa.

Toma nota sobre o dito da poda que se levou a cabo na Rúa da Vila e no que respecta ós bancos dos que falou o voceiro de Ciudadanos, en canto ó seu custe e que se levaban gastado moitos cartos, ten que dicir que eses bancos fixéronos os participantes do obradoiro de carpinteiría do Centro Municipal de Formación, do que están a saír bos profesionais, por certo, e que poden ir traballar a calquera empresa, polo que quere aproveitar a ocasión para felicitar ó profesor porque os traballos feitos están para ver.

Certo é que existen zonas no concello que hai demanda de instalación deses bancos... insistíndose polo voceiro do grupo "Mixto"-Ciudadanos, Sr. **Moinelo**, que a ver logo si se poden instalar na zona sinalada de Corredoira das Viñas un par deles porque entende que son necesarios nesa zona verde.

Segue coa súa contestación a rogos e preguntas o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando sobre os contedores na Rúa Castaño, que se moverán se realmente están situados a carón do paso de peóns, e sobre a Rúa do Souto, ten que salientar que non está sendo unha obra sinxela porque representa a urbanización total da zona.



CONCELLO DE
OLEIROS

Houbo que proceder a soterrar as conexións eléctricas, telefónicas e unha nova conducción da rede de auga, coa fin de garantir que antes do seu asfaltado non houbera que romper outra vez o firme para arranxar ou soterrar esas conexións dado que había que darlle auga a Sta. Cruz tamén desde Oleiros, porque neste intre a estaba a recibir desde Perillo, substituíndo as de uralita vellas por unhas con maior diámetro; rede de pluviais novas; canalización do alumeadado público; beirarrúas novas, ampliación da calzada porque era unha rúa que tiña un ancho duns 5-6 metros e agora contará con 16 m., etc.

Insiste en que non foi unha obra sinxela, e quere aproveitar a ocasión para agradecer a paciencia e a participación de tódolos propietarios cun atranco, que está a ser permanente en todo o municipio, como é o de FENOSA e TELEFÓNICA que non dan retirado os postes do tendido, igual que está a acontecer agora na obra de execución de beirarrúas desde Arillo á entrada do Cemiterio de Maianca, porque vai pasando o tempo e están pensando en abrir un expediente, porque a empresa, ante esta demora, pode chegar a pedir unha revisión de prezos, ó non dar retirado catro postes existentes nese tramo. É unha situación preocupante, porque iniciaron as obras e levan catro meses xa sen que por esas grandes empresas se lles conteste, unha vez máis fan o que lles peta neste país.

Pasou o mesmo coa Rúa do Souto, porque cando solicitaron da Deputación que fixera as beirarrúas e ampliase a calzada, para levalas adiante había que cambiar a rede de auga, aínda que esta obra a tiña que sufragar o concello, así como unha nova rede de pluviais, é dicir, dúas obras máis engadidas ás que ía executar a institución provincial. Neste intre, parece que está todo rematado e o único que falla é asfaltar que, segundo comunicou a empresa, a principios do vindeiro mes de agosto deberían iniciar as obras, polo que a reforma integral da Rúa do Souto en breve será xa unha realidade.

En canto a maiores medidas de seguridade nas festas, ten que dicir que a Policía Local non é a Garda Civil, que é o corpo que ten que velar pola seguridade das persoas, mentres a Policía Local ten unhas funcións máis de colaboración nese aspecto, ademais das súas propias, como pode ser a regulación do tráfico. Insiste en que ese non é un labor da Policía Local e reforzase o servizo para asistir ás festas, porque él mesmo que estivo na de Mera, viunos. Houbo moita xente, non parece que haxa que traer orquestras famosas para que a xente asista, e había dúas patrullas que estiveron traballando no seu, controlando o tráfico de vehículos e persoas, pero insiste tamén en que non están para temas de seguridade das persoas.

O tema da okupación dunha casa preto da rotonda das Pedreiras, despois da explicación por parte do concelleiro do grupo "Popular", Sr. **Platas**, da casa da que se trataba, polo alcalde sinálase que toma nota.

No exposto sobre a edificación do Parque das 13 Rosas, conta con tódolos permisos necesarios, de Costas do Estado, de Urbanismo da Xunta de Galicia e como non, do propio Concello. Vaise acondicionar para instalar un almacén para xardiñeiría; uns urinarios, porque nun parque tan grande debe contar con eses servizos e ademais instalárase unha cafetería, que se licitará como non pode ser doutro xeito, e o concesionario ademais da súa explotación, deberá tamén realizar a limpeza deses servizos e pagar o canon que corresponda despois do proceso



CONCELLO DE
OLEIROS

de licitación correspondente. Por certo, os outros organismos tardaron un ano en contestar para dar a autorización, dado que se pediu en xullo do ano pasado e ata hai uns días non a remitiron.

No que atinxe o edificio de Mera, chamaron onte incluso da prensa sobre isto para preguntarlle dicíndolle que os veciños afectados alegaban que non se falara con eles, o que non é certo porque a coordinadora de servizos urbanísticos convocou a tódolos veciños afectados por esa unidade de actuación a unha reunión. Uns son propietarios de solares, polo tanto, teñen un aproveitamento tendo que afrontar os gastos de urbanización correspondentes e neste caso, a parcela que ocupa a edificación tamén entra dentro da unidade de actuación, pero o edificio non. Cando se aprobou o Plan Xeral de Oleiros prevíuse que ese edificio se tiña que demoler cunha compensación ós propietarios, ben de xeito económico ou ben en propiedades, e iso precisamente é o que está a acontecer, porque se lles fixo unha valoración que se notificou e agora queda coñecer se están de acordo ou non.

En canto a actuación do Eroski, que vai ser en Oleiros, están pendentes da urbanización...

Polo voceiro do grupo "Mixto"-Ciudadanos, Sr. **Moinelo**, sinálase que do Eroski ó que se refería él é a carón da rotonda da estatua do Che Guevara, insistíndolle o alcalde, Sr. **García**, que a única actuación que coñece de Eroski no concello é en Dos Regos, nas Pedreiras, aquí preto de Oleiros, estando aprobada a urbanización e agora só queda que inicien as obras.

Segue coa súa quenda de constación do alcalde e sobre o plantexando do paso de peóns no Couto, en Dorneda, non existe ningún tipo de negociación porque non quere a conselleira, o que lle parece un absurdo, porque falando con algunha conselleira deulle a razón pero insitiulle en que había que dialogar e xa lle dixo que non vai tratar de facelo máis porque, ó final, é sacar un sinal de 70 km/h e poñer outra de 50 km/h, rematándose o problema.

De feito, onde non houbo ningún problema foi nun paso de peóns na estrada de Lorbé, por certo que arranxou e urbanizou o concello, coa fin de favorecer ó farmacéutico, cambiando un paso de cebra en deterioramento da veciñanza da zona, o que lle parece gravísimo.

Sen máis asuntos que tratar o alcalde dá por rematada a sesión ás 21.30 h., para deixar constancia dos acordos tomados e do acontecido estendo esta acta en vinte e nove (29) páxinas e que eu, como secretaria, certifico. Dou fe; Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na propia sinatura da secretaria accidental e co visto e prace do alcalde.